



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia económica

Materia	Historia: Historia económica			
Código	V03G100V01103			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Facal Rodríguez, María Jesús Isabel			
Profesorado	Facal Rodríguez, María Jesús Isabel			
Correo-e	cfacal@uvigo.es			
Web	http://cfacal.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia Historia Económica Mundial ten por obxecto iniciar aos estudantes de Economía no estudo de longo prazo, das grandes transformacións na organización económica das sociedades humanas, para entender como se conforman as bases da economía actual.			

Ofrece una visión panorámica dos cambios económicos, industriais e organizativos ao longo da historia, usando ferramentas teóricas e empíricas doutras ramas da economía e das ciencias sociais próximas. Así, ten por obxecto analizar o desenvolvemento da economía internacional e as grandes fases do crecemento económico moderno. Observar e analizar os efectos de acontecementos cruciais sobre a realidade socioeconómica.

□ Investigar as implicacións dos cambios nas institucións económicas de carácter global □por exemplo, o patrón ouro, os bloques comerciais, FMI, ou a OMC□ e os efectos do cambio tecnolóxico a curto, medio e longo prazo.

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Desenvolver sensibilidade respecto ao medio ambiente e compromiso cunha economía sustentable
C2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
C5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
C6	Adquirir coñecementos de Análise económica
C7	Comprender o entorno empresarial
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
D1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
D2	Capacidade de traballar en equipo
D4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
□ Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas.	C2
Interpretación y comprensión de los conceptos económicos e historiográficos fundamentais.	C2

Definir e comprender conceptos e ferramentas económicos básicos	C2	
	C5	
	C8	
☐ Coñecer o marco institucional da economía.	C3	
Comprender el proceso de nacimiento y transformación de las principales instituciones económicas a lo largo del tiempo	C3	
Coñecer o sistema europeo de contabilidade nacional	C6	
☐ Saber situar a economía na súa evolución histórica.	C4	
Distinguir los condicionantes y las fuerzas que impulsan o frenan el crecimiento económico en el largo plazo	C5	
Capacidade para a búsqueda de información económica, analizar a evolución dunha economía e a sua comparación con outras economías	C8	
☐ Entender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos.	C5	
Manejo e interpretación de los contenidos de textos y representaciones gráficas	C6	
	C8	
Capacidade para a análise crítica sobre as ferramentas a utilizar e na interpretación dos resultados, a nivel individual ou de grupo	C8	D5 D7
☐ Posuír habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido.	C8	
Consideración de los valores y principios cívicos como factores integrantes del análisis de los hechos económicos		D1
☐ Demostrar respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo.		D1
Fomentar la calidad, claridad y precisión en la expresión para argumentar de forma coherente		D5
☐ Desenvolver sensibilidade respecto ao medio e compromiso cunha economía sustentable.	B1	
Fomentar la capacidad de organización de conocimientos y su exposición, oral o escrita, de manera clara, adecuada y eficiente	A4	D5
☐ Ser capaz de traballar en equipo.	A3 A4	D2
Tratamiento e interpretación de los conocimientos de forma sintética y crítica	A3	D7
☐ Amosar espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo a empatía co resto de persoas.		D1 D2 D4
Aplicación de los conocimientos en la evolución de los hechos económicos a la comprensión de los problemas más recientes de naturaleza económica y sus efectos.	C5	
☐ Ter habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas.		D5
☐ Evidenciar competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia.		D5
☐ Fomentar a actitude crítica e autocrítica.		D7
☐ Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación.	C7 C9	
☐ Manifestar autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación.		D1 D4
☐ Potenciar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos		D1 D7

Contidos

Tema	
1. Introducción á Historia Económica Mundial	Historia Económica e crecemento económico. Periodificación e conceptos básicos para a análise na Historia Económica.
2. As economías europeas preindustriais	As flutuacións seculares da economía preindustrial. Poboación, produción e distribución do produto agrario. Evolución do comercio e da manufactura.
3. Revolución Industrial, difusión da industrialización e Segunda Revolución Industrial (170-1914)	Crecemento económico moderno e marco institucional. O proceso de industrialización: factores de produción e innovacións da Primeira Revolución Industrial. Revolución Industrial en Gran Bretaña, a difusión da industrialización no século XIX, a Segunda Revolución Industrial.
4. As relacións internacionais no século XIX e a Primería Globalización (1870-1914)	A gran diverxencia (1870-1914). O comercio internacional e a Primeira Globalización 1870-1913. O movemento internacional de factores: capitais e migracións. O sistema monetario internacional: o Patrón Ouro.

5. A economía mundial no século XX

Os problemas económicos do período de entreguerras. 1919-1939.
A economía internacional na época dourada do capitalismo (1950-1973).
A crise económica de 1973 e as respostas da economía capitalista.
As modificacións na economía mundial a partir de 1973: a Segunda Globalización, a Terceira Revolución Industrial, as crises económicas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	45	75
Seminarios	15	30	45
Titoría en grupo	5	2	7
Probas de resposta curta	1	6	7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	15	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Dúas horas semanais (dous días, una hora por sesión). Mediante esta metodoloxía, co apoio audiovisual, presentarase de maneira sintética, secuencial e motivadora os aspectos claves dos contidos fundamentais da materia. As primeiras estarán adedicadas a ofrecer unha visión panorámica da materia e conceptos básicos de historia económica; as restantes sesións estarán destinadas a exposición do temario. A pesar de que o método destas sesións é fundamentalmente expositivo, promoverase a participación activa do estudantado.
Seminarios	Realizaráanse 6 (duración por sesión 2h,30'). É una instancia para socializar, depurar e sintetizar os coñecementos adquirido na preparación da sesión. Concíbese como un proceso de aprendizaxe continuado. O obxectivo é preparar o estudantado para a comprensión dos textos propostos como lecturas. Esixirá un traballo previo a sesión, que consistirá na lectura dun tema sinalado, así como a redacción dun pequeno documento coas ideas e argumentacións máis relevantes da lectura. Na propia sesión, expondranse e debatiranse as lecturas.
Titoría en grupo	Realizaráanse 2 sesión de titoría en grupo, de 2h 30' cada unha. Previamente, a profesora seleccionará cuestións clave dos contidos da materia, a tratar pola súa importancia ou dificultade. O alumnado deberá elabora para estas sesións un esquema de dúbidas e preguntas sobre esas cuestións clave. Tamén servirán estas sesións para resolver dúbidas xerais sobre os contidos ou as prácticas da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Cada grupo práctico tendrá dúas sesión de titoría en grupo. En cada unha destas sesións a profesora exporá cuestións clave da materia, en función da súa importancia ou dificultade, e o alumnado deberá elabora un esquema de dúbidas e preguntas sobre esas cuestións clave. Asemade, servirá para resolver dúbidas xerais sobre os contidos ou as prácticas da materia.
Seminarios	Calquera dúbida que xurda nas lecturas para os seminarios, poderanse resolver nas horas de titoría individualizada no despacho da profesora (nº 431).
Sesión maxistral	As dúbidas sobre as explicacións das clases maxistras non resoltas na aula poderanse expor na hora de titoría no despacho da profesora (nº 431).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Seminarios	A través de seis seminarios: Avaliaráanse os traballos prácticos consistentes na lectura dun tema ou parte dun tema, na redacción dun informe ou síntese, na súa exposición e defensa.	24	A3	C2	D1
			A4	C3	D2
				C4	D4
				C5	D5
				C6	D7
	Evaluaráse a coherencia e calidade do traballo, esquema, síntesis ou mapa conceptual, ou a valoración dos exercicios (comentario e análise de gráficos, series estadísticas, ou textos, a resolución de cuestións e problemas).			C7	
	Valoraráse a asistencia, a participación, o cumprimento, a aptitude, os aspectos formais (redacción, sintaxis, ortografía, ...) así mesmo a expresión oral.			C8	
				C9	
Titoría en grupo	Nas dúas sesións de titoría de grupo, valorarase a presentación dun esquema de dúbidas e preguntas, a capacidade de formulación de dúbidas e preguntas significativas ou a resolución das mesmas.	6	A3 A4	C8 C9	D1 D4 D5 D7
Probas de resposta curta	Realizaráanse o día do examen final.	20		C2 C3 C4 C7	D5
	Valorarase as respostas sintéticas sobre preguntas relacionadas coas prácticas dos seminarios.				
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizaranse o día do examen final.	50	A3 A4	C2 C3 C4 C7 C8 C9	D5 D7
	Avaliaranse os contidos teóricos da materia.				
	As respostas tendrán que estar estruturadas, e razoadas correctamente. Valoraráse a redacción correcta, clara e comprensibel.				

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A avaliación contida nesta guía docente está dirixida a alumnas e alumnos de **ensinanza presencial**.
2. A titoría en grupo é de **asistencia obrigatoria**.
3. Os seminarios son actividades de **asistencia obrigatoria**.
4. En conxunto, seminarios e titoría en grupo, deben completar **7 sesións de asistencia, como requisito que o alumnado debe cumprir para seren evaluada/o por esta actividade**.

5. A nota final resultará de:

A) Examen final no que se valoran o coñecemento dos contidos e as habilidades adquiridas durante o curso:

a.1) Por preguntas de resposta larga sobre as sesións maxistras: 50% da nota final

a.2) Por preguntas de resposta curta, relacionadas coas lecturas realizadas para os seminarios: 20% da nota final.

B) Traballos prácticos e participación desenvolvidos nas 6 sesións de seminarios: 24 % da nota final. Sempre que, ademais, a/o alumna/o, **obteña un 4 no examen final**.

C) Presentación de esquema de dúbidas ou preguntas nas 2 sesións de titoría de grupo: 6% nota final.

6. A cualificación correspondente á avaliación continua (traballos prácticos en seminarios, presentación de dúbidas ou preguntas nas titorías de grupo) gardarase para todas as convocatorias do presente curso académico.

7. **Avaliación de Xullo:** seguirá os mesmos criterios que os do examen final.

8. Para o alumnado que renuncia á ensinanza presencial: o 100% da nota final obterase mediante un examen final escrito.

9. Datas e horarios das probas de avaliación final:

<http://fccee.uvigo.es/calendario-exames-201415.html>

Bibliografía. Fontes de información

Cameron, R y Neal, L., **Historia Económica Mundial. Desde el paleolítico hasta el presente**, 2005,
Camps Cura, E., **Historia Económica Mundial. La formación de la economía internacional (siglos XVII-XX)**, 2013,
Comín, F. Hernández, M. Llopis, E., **Historia Económica Mundial. Siglos X-XX**, 2005,
Frieden, J. A., **Capitalismo Global: el transfondo económico de la historia del siglo XX**, 200,
Hobsbawm, E. J., **Historia del siglo XX: 1914-1991**, 1995,
Kenwood, A.G. and A.L. Lougheed, **Historia del desarrollo económico internacional**, 1995,
Kriedte, P., **Fudalismo tardío y Capital Mercantil**, 1989,
Maddison, A., **La economía mundial: una perspectiva millonaria**, 2002,
Tello Argay, E. (coord), **Guía práctica de historia económica mundial**, 1995,
Tortella, G., **Los orígenes del siglo XXI. Un ensayo de historia social y económica contemporánea**, 2005,
Zamagni, V., **Historia Económica de la Europa Contemporánea**, 2001,

Como libros de referencia para o aprendizaxe da materia, recoméndase o uso dalgún dos seguintes manuais:

Comín, F., **Historia económica mundial. De los orígenes a la actualidad**, 2011, Alianza, Madrid.

Feliù, G.; Sudrià, C. **Introducción a la historia económica mundial**, 2013, Universidad de Valencia, Valencia, 2ª edición.

Palafox, J. (Ed), **Los tiempos cambian. Historia de la economía**, 2014, Tirant Humanidades, Valencia.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia económica de España/V03G100V01906

Outros comentarios

1. Aconséllase un traballo regular, sistemático, ao longo do cuadrimestre, tanto no referido aos contidos teóricos, transmitidos nas clases maxistras, como nos traballos de seminario.

2. As alumnas e alumnos terán en conta que se avaliará:

- a) Participación e realización das tarefas nos seminarios (26% da nota final). A asistencia a estas sesións é obligatoria.
- b) Participación e realización de tarefas nas titorías de grupo (4% da nota final). A asistencia a estas sesións é obligatoria.
- c) Coñecementos teóricos (50% da nota final)
- d) Coñecemento sobre as lecturas realizadas nos seminarios (20% da nota final).

3. Na parte práctica, como na teórica, será especialmente tido en conta o interese demostrado e a calidade das intervencións, ben sexa dentro dos grupos de traballo que se formen, ben individualmente.

4. Convén lembrar que para aprobar esta materia hai que ter aprobada cada unha das partes, teórica e práctica, tal e como se explica no apartado referido á avaliación, desta Guía.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se levan a cabo na materia, e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico, derivados da dinámica da clase e do grupo de destinatarios real, ou pola relevancia das situacións que poidesen xurdir.

Así mesmo, achegaráselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo. Utilizarase para elo a plataforma TEMA (CLAROLINE) en fatic.uvigo.es.